



RESOLUCIÓN DESTA XEFATURA TERRITORIAL POLA QUE SE AUTORIZA A EXTRACCIÓN DE PERCEBE NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA.

Por mor do disposto na Orde do 23 de decembro de 2015 (DOG Nº 248, do 30 de decembro de 2015) pola que se aproba o PLAN XERAL DE EXPLOTACIÓN MARISQUEIRA PARA O ANO 2016 e ao amparo do Decreto 237/02 de 11 de xullo que modifica o Decreto 423/93, polo que se refunde a normativa vixente en materia marisqueira, de extracción de algas e cultivos mariños, así como o Decreto 15/2011, de 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; vista a solicitude da CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA para a extracción de PERCEBE, esta Xefatura Territorial no exercicio das súas competencias e previos os informes técnicos favorables, ACORDA ditar a seguinte

RESOLUCIÓN

AUTORIZASE a extracción de percebe segundo os puntos que a continuación se especifican,

DATAS: 1,2,3,4,5,8,9,16,17,18,19,22,23,24,25,29,30 e 31 de agosto.

SUBZONAS:

Da zona A (Tourañán): de praia de Nemiña a praia Moreiras (CM-026)

Da zona B (A Buitra): únicamente a subzona de praia Moreiras a punta Matemao (CM-027)

PUNTOS DE CONTROL:

A pé: saída da pista de Moreira (ED50.478645-4765143)

Embarcacións: rampla do peirao de Muxía (ED50. 482504-4772772)

O paso polo punto de control é obrigatorio para todos os participantes do plan, polo que neste deben recoller os datos de captura diarios de todos os percebeiros, tanto dos que venden na lonxa desa localidade como dos que a levan a outra lonxa.

Cómpre lembrar que o percebe extraído debe ir do punto de control á lonxa, onde se emitirá o documento de transporte no caso de ser trasladado a outra lonxa para a súa venda.

PUNTOS DE VENDA: Lonxa de Muxía e outras lonxas autorizadas.

TOPES DE CAPTURA: 6 kg. mariscador/día ou 6 kg. habilitación enrolado e a bordo/día.

HORARIO: De dúas horas e media antes a dúas horas despois da primeira baixamar diúrna, e ata as 18:00 h. como máximo.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse RECURSO DE ALZADA ante a conselleira do Mar no prazo DUN MES dende a notificación ou publicación desta resolución, segundo os artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/99.

A Coruña, 28 de xullo de 2016

O xefe territorial

Juan Carlos Barreiro González

